

## O NOSO PROGRAMA EDUCATIVO “COÑECE AS ILLAS ATLÁNTICAS”

### A QUÉN VAI DIRIXIDO?

A presente edición do programa educativo “Coñece as Illas Atlánticas” (curso escolar 2010-2011) está dirixido aos alumnos de 4º da ESO dos centros públicos e concertados pertencentes aos catro municipios da Área de Influencia Socioeconómica do Parque Nacional: Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira.

### CÓMO SE PODE PARTICIPAR?

Sempre que se cumpran os requisitos anteriormente citados, só hai que enviar o formulario de solicitude cuberto do xeito máis claro e completo posible no prazo establecido no apartado seguinte, e que poderá encontrar ao final deste documento.

### CÁNDO SE VAI DESENVOLVER?

- Prazo de presentación de solicitudes: dende o 1 ao 22 de decembro de 2010, ambos os dous incluídos.
- Selección dos centros participantes: Primeira quincena de xaneiro de 2011. Só no caso de que o número de centros solicitantes supere a dispoñibilidade de recursos destinados ao programa se procederá a unha selección, segundo os seguintes criterios e na orde na que se reflicten a continuación:
  - 1) Orde de chegada de solicitudes (non se terán en conta as chegadas fora do prazo establecido).
  - 2) Grao de implicación do centro neste programa educativo en anos anteriores, no caso de ter participado.
- Planificación das visitas aos centros: Segunda quincena de xaneiro de 2011.
- Execución do programa educativo: mes de febreiro de 2011.
- Concurso: realización dos traballos e resolución: mes de marzo de 2011.

### EN QUÉ CONSISTE?

O programa educativo consta dunha actividade principal e outra opcional:

**1º) ACTIVIDADE NO CENTRO EDUCATIVO**: Os guías do Parque Nacional desplazaranse ao centro para a realización das seguintes actividades, cunha duración total aproximada dunha hora e media:

- **Charla-proxección**: Achegamento aos valores naturais e culturais do Parque, aspectos máis relevantes do espazo natural protexido. Duración aproximada: 45 minutos.

- **Xogo de simulación:** Actividade lúdica onde as alumnas/os poderan opinar e debater, dun xeito participativo, sobre diversos aspectos do Parque Nacional. Duración aproximada: 30 minutos.
- **Presentación da convocatoria do concurso.**
- **Avaliación da actividade.**

**2º) CONCURSO:** É unha actividade opcional. Ao rematar as actividades o Parque Nacional convoca un concurso entre todos os alumnos interesados dos centros participantes no seu programa educativo. Dito concurso é para nós un xeito de avaliar a comprensión e adquisición de conceptos polo alumnado, e de que eles reforcen o aprendido nas actividades desenvolvidas.

Na visita ao centro se explicará en que consiste o concurso, o que virá concretado nun documento coas bases, condicións e prazos do concurso, así como a relación dos premios.

### **AVALIACIÓN DO PROGRAMA**

Ademáis do estudo dos traballos presentados ao concurso e os niveis de participación no mesmo, consideramos que a avaliación das actividades por parte do profesorado é moi importante para a planificación da nosa proposta educativa nas vindeiras edicións.

Co obxectivo de mellorar tanto na organización coma na metodoloxía do programa entregaranse, na visita ao centro, unhas **enquisas avaliativas** dirixidas a aqueles docentes que participen no programa, que lles entregaremos ao comezar as actividades.